**Begoña González Pedregal (1 para 2)**
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 16/03/2020
HASH: 567121f86601f537738f59bc1f9c4a338

**rocio lopez garcia (2 para 2)**
Alcaldesa
Data de Sinatura: 16/03/2020
HASH: 0a7577af002c63a587be12df88f8a92f

# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| PLN/2020/1 | El Pleno |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria<br>Motivo: «SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS ELECCIÓNS PARLAMENTO GALICIA.» |
| **Data** | 11 de marzo de 2020 |
| **Duración** | Desde as 20:30 ata as 21:10 horas |
| **Lugar** | Salón de Sesións |
| **Presidida por** | rocio lopez garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 33832911A | ANTONIO REGO REY | SÍ |
| 35312108R | AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL | SÍ |
| 33997496T | EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA | SÍ |
| 34880827Q | ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ | SÍ |
| 33995905L | FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA | SÍ |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 33844382C | MARIO LEITÓN RAMALLAL | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 14

| | | |
|---|---|---|
| 33549271E | SONIA GAVINO REIGOSA | SÍ |
| 76580879X | rocio lopez garcia | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

| APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 16/01/2020. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ás actas das sesións anteriores, de data dezaseis de xaneiro do dous mil vinte (16/01/2020), distribuídas coa convocatoria, e non habendo nada, os borradores das actas de ditas sesións foron aprobadas por unanimidade dos presentes.



Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 14

**Expediente 161/2020. SORTEO MESAS ELECCIÓNS PARLAMENTO GALICIA.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Considerando a publicación da convocatoria para a celebración de Eleccións ao Parlamento de Galicia o próximo día 05/04/2020 mediante Decreto 12/2020 de 10 de febrero, (DOGA. Núm.28 de 11/02/20), o Pleno do Concello de Lourenzá reuniuse o día once de marzo do dous mil vinte, as 20,30 horas, en sesión pública, a fin de dar cumprimento ao indicado no artigo 26 da vixente Lei 5/1985 Orgánica do Réxime Electoral Xeral, de 19 de junio.

Cumpridas todas as formalidades legais establecidas, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal de once, ACORDA:

PRIMEIRO.- Formar as Mesas Electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se sinalan para as próxima ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA a celebrar o día 5 de Abril do 2020, a saber:

SECCIÓN 001- MESA: A

| TITULARES | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| PRESIDENTE D/Dª. | RAQUEL LÓPEZ VIZCAÍNO | DNI. | 34882629 R | Nº | 484 |
| 1º VOCAL D/Dª. | JOSE MANUEL CIBREIRO VERDEAL | DNI. | 76403829 Z | Nº | 130 |
| 2º VOGAL D/Dª. | JOSÉ JESÚS CANCIO MESA | DNI. | 77594248E | Nº | 103 |
| SUPLENTES | | | | | |
| DE PRESIDENTE D/Dª. | MARÍA AZAHARA CARREIRAS OTERO | DNI. | 33998587 X | Nº | 107 |
| DE PRESIDENTE D/Dª. | FCO.JAVIER LAGARÓN FERNÁNDEZ | DNI. | 09373311Y | Nº | 395 |
| DE 1º VOGAL D/Dª. | LUCIANO BRAÑA ROZAS | DNI. | 33317740 D | Nº | 319 |
| DE 1º VOGAL D/Dª. | JOSE MANUEL GONZÁLEZ BARREIRA | DNI. | 33855196 R | Nº | 103 |
| DE 2º VOGAL D/Dª. | FRANCISCO LÓPEZ MASEDA | DNI. | 33558001 N | Nº | 458 |
| DE 2º VOGAL D/Dª. | VERÓNICA LÓPEZ LÓPEZ | DNI. | 76581195 G | Nº | 456 |

SECCIÓN 001- MESA: B



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 14

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| TITULARES | | | | | |
| PRESIDENTE D/Dª. | MELBA PAZ MORA | DNI. | 34291294L | Nº | 114 |
| 1º VOCAL D/Dª. | ERICA VIZOSO DÍAZ | DNI. | 34286884 W | Nº | 450 |
| 2º VOGAL D/Dª. | MARÍA CARMEN PÉRTEGA MASEDA | DNI. | 33309268R | Nº | 144 |
| SUPLENTES | | | | | |
| DE PRESIDENTE D/Dª. | ALFREDO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ | DNI. | 32435022P | Nº | 245 |
| DE PRESIDENTE D/Dª. | JUAN JOSÉ REIGOSA PÉREZ | DNI. | 10596870B | Nº | 203 |
| DE 1º VOGAL D/Dª. | SONIA VIDARTE GARCÍA | DNI. | 34636820 Q | Nº | 310 |
| DE 1º VOGAL D/Dª. | BENITO SALVATIERRA SÁNCHEZ | DNI. | 33309254X | Nº | 144 |
| DE 2º VOGAL D/Dª. | MARÍA DEL CARMEN RDGUEZ. RAMOS | DNI. | 76570506X | Nº | 281 |
| DE 2º VOGAL D/Dª. | IVÁN REXES XEADA | DNI. | 76577800J | Nº | 213 |

SECCIÓN 002- MESA: A

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| TITULARES | | | | | |
| PRESIDENTE D/Dª. | FRANCISCO ÁLVAREZ CHAO | DNI. | 33998241 D | Nº | 3 |
| 1º VOCAL D/Dª. | ANGEL RODRÍGUEZ AENLLE | DNI. | 35622109P | Nº | 166 |
| 2º VOGAL D/Dª. | MANUEL EDROSA ROJO | DNI. | 34636787Y | Nº | 46 |
| SUPLENTES | | | | | |
| DE PRESIDENTE D/Dª. | VANESA RODRÍGUEZ RIVAS | DNI. | 34882317 B | Nº | 172 |
| DE PRESIDENTE D/Dª. | JOSE LUIS GREGORIO ACEBO | DNI. | 77596776 C | Nº | 77 |
| DE 1º VOGAL D/Dª. | MIGUEL BARREIRAS CARREIRAS | DNI. | 33313910 C | Nº | 124 |
| DE 1º VOGAL D/Dª. | Mª. ANGELES PEDREIRA RON | DNI. | 76565712T | Nº | 46 |
| DE 2º VOGAL D/Dª. | JUDITH LOZANO IRIMIA | DNI. | 34289693 M | Nº | 96 |
| DE 2º VOGAL D/Dª. | Mª DEL CARMEN GARCÍA FERNÁNDEZ | DNI. | 76566244 A | Nº | 68 |

SECCIÓN 002- MESA: B

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| TITULARES | | | | | |
| PRESIDENTE D/Dª. | ROCÍO GAYOSO RODRÍGUEZ | DNI. | 77593326 C | Nº | 113 |
| 1º VOCAL D/Dª. | JOSÉ MARÍA RON LÓPEZ | DNI. | 77597294 D | Nº | 263 |
| 2º VOGAL D/Dª. | GEMMA DÍAZ FOLGUEIRA | DNI. | 33838632 C | Nº | 71 |
| SUPLENTES | | | | | |
| DE | ENCARNACIÓN GUEIMONDE | DNI. | 76566518 | Nº | 123 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 14

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| PRESIDENTE D/Dª . | FERNÁNDEZ | | R | | |
| DE PRESIDENTE D/Dª. | NATALIA ROMERO LÓPEZ | DNI. | 76580622 Y | Nº | 260 |
| DE 1º VOGAL D/Dª. | JOSÉ MARÍA ANDIÓN RODRÍGUEZ | DNI. | 76558955 M | Nº | 134 |
| DE 1º VOGAL D/Dª. | MARTHA PIEDAD JIMÉNEZ JARAMILLO | DNI. | 34322117 E | Nº | 71 |
| DE 2º VOGAL D/Dª. | MIGUEL ANGEL GARCÍA FALCÓN | DNI. | 33999934 T | Nº | 101 |
| DE 2º VOGAL D/Dª. | ELENA COLDEIRA VILLARINO | DNI. | 77596982L | Nº | 61 |

SECCIÓN 002- MESA: C

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| TITULARES | | | | | |
| PRESIDENTE D/Dª. | ANA BELÉN BARREIRA OURAL | DNI. | 77595022Z | Nº | 26 |
| 1º VOCAL D/Dª. | ELIAS CRUÑA PIÑEIRO | DNI. | 33999074Z | Nº | 66 |
| 2º VOGAL D/Dª. | MARÍA ISABEL MARTÍNEZ VALIÑA | DNI. | 33993136X | Nº | 206 |
| SUPLENTES | | | | | |
| DE PRESIDENTE D/Dª. | IRIA DE LUIS IGLESIA | DNI. | 33545801 W | Nº | 198 |
| DE PRESIDENTE D/Dª. | JAVIER PÉREZ MATO | DNI. | 34635588A | Nº | 234 |
| DE 1º VOGAL D/Dª. | JOSÉ IGNACIO GAYOSO VALIÑA | DNI. | 33309459P | Nº | 183 |
| DE 1º VOGAL D/Dª. | CRISTINA LORIGADOS RODRÍGUEZ | DNI. | 33857179Y | Nº | 206 |
| DE 2º VOGAL D/Dª. | MONTSERRAT RIVAS VALEA | DNI. | 77594985T | Nº | 261 |
| DE 2º VOGAL D/Dª. | CINDY AMIEIRO GONZÁLEZ | DNI. | 76591351E | Nº | 14 |

SEGUNDO.- Notificar a referida designación como Presidente e Vocais das Mesas Electorais, ós interesados, no prazo de tres días.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral de Zona de Mondoñedo.

**Expediente 105/2020. EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PRESUPOSTO DO 2020.**

**Favorable**

**Tipo d votaci n:**
Ordina a
A favo

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 14



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | |
|---|---|
| | 6, En contra: 3, Abstencións: 2, Ausentes: 0 |

Iniciado este punto do orde do día, a Alcaldía explicou que xa virase o proxecto do presuposto na Comisión de Contas e abriu o debate dándolle a palabra ao Sr. Rodríguez Barreira, voceiro do P. Popular, quen indico que o seu grupo ía votar en contra duns orzamentos que eran a continuación de catro anos nefastos para Lourenzá. Continuou dicindo: *"Asistimos a catro anos de perda constante de poboación, non solo polo avellentamento, senón pola falta total de oportunidades para os nosos xoves. Estamos asistindo a un continuo peche de negocios e empresas, e á perda doutras novas que elixen outros concellos por diante do noso para realizar a súa actividade debido á súa pasividade. E nestes presupostos non hai ningunha medida para fixar poboación, nin para apoiar o comercio e moito menos un plan de emprego municipal serio ( máis aló de contratar persoal a través dos distintos programas da Xunta e Deputación). Por certo aínda estamos esperando pola RPT, que fai 5 anos este grupo deixou iniciada ante a demanda dos traballadores máis discriminados, e que vostedes dicían que ían a facer mellor, xa parece unha tomadura de pelo, que despois de 5 anos, non haxa nin unha soa noticia da mesma, pero a brecha salarial segue aberta. Ata quedamos sen Obradoiro de emprego, debemos ter pleno emprego en Lourenzá. Temos un servizo de axuda a domicilio no que o ano pasado presupostaron pagarlle a unha empresa privada 60.000,00 euros e fóiselles ata os 105.000,00 Euros, ou non xestionan ben ou están privatizando.*

*En canto ó turismo, outro campo no que había que investir e moito, observamos que simplemente van iluminar e poñer paneis informativos no BIC, así se o mosteiro se derruba pola noite, podémolo ve mellor.*

*O único que aumentou foi o gasto en actuacións nas festas e teatro. O ano pasado tiña de presuposto 27.000,00 euros e gastaron 48.000,00 euros, este ano xa nos din que 47.000,00 euros. A Festa da Faba que tanto criticaba polo seu costo, cando se gastaban dez mil euros, vostedes o ano pasado que tiñan 25.000,00 euros, de presuposto, van e gastan 31.000 euros, este ano, xa van en 30.000,00 euros, esperemos que non cheguen ós 40.000,00 €.Vendo isto calquera diría que Lourenzá vai vivir de festas e teatro.*

*Outra partida que aumentou case un 100% foi a asignación dos membros do goberno quedando en 86.000,00 euros, era esta a verdadeira RPT que prometeron?.*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 14

A continuación tomou a palabra o voceiro do P.S. de Galicia, Sr. Arango Ron, para indicar que viña a ser un copia e pega do ano paso, que falaban exactamente dos mesmos puntos, e acababa de referirse á Festa da Faba e ao Certame do Teatro, e que parecía que en cousas que daban prestixio ao pobo e que se mellorara moito  e das que se falaba en moitos sitios, a algunha xente parecíalle que molestáballe que foran un éxito  isto estaba pasando tanto o Certame de Teatro como coa Festa da Faba.
En canto á RTP, a persoa encargada  tivera unha enfermidade grave e estivo bastante meses sen poder facer nada e que aínda retomaraa facía pouco tempo e polo que respectaba ao Servizo de Axuda a Domicilio, tanto que o grupo popular falaba de que o equipo de goberno estábano privatizando, quixo aclarar que dende que estaba o partido socialista se incrementara en catro auxiliares máis, pero que era normal que non lles gustaran porque se trataba duns presupostos do partido socialista pero eles ían aprobalos porque eran os seus orzamentos.
A Alcaldesa quixo puntualizar que, en canto, as subvencións dos "Bics" á que fixera referencia o Sr. Rodguez. Barreira, que non se trataba de que soamente importaran os paneis, que por suposto que lles importaban máis cousas e que eran conscientes da necesidade de arranxar o mosteiro, pero queira aclarar que nesa subvención non podía incluírse outra actuación como podería ser o arranxo do mosteiro ou da igrexa, que víanse limitados co que era o obxecto de subvención aínda que lles gustara incluír outras actuacións, ó que o Sr. Rodríguez Barreira indicou que eles referíanse a que había prioridades como por suposto arranxar antes de iluminar, ao que a Sra. Alcaldesa contestoulle que por suposto sabían o que era prioritario pero que nesa subvención en concreto non podíase ter incluído.
En canto á unha RPT "iniciada", dixo que ela tivera que  iniciar  o expediente dende cero, que non vira nada de que estivera iniciada.
A continuación, pola Alcaldía deuse por finalizado o debate, e o Pleno, en votación ordinaria e con seis votos a favor, do grupo municipal do P.S. de G P.S.O.E., tres en contra, dos concelleiros do P. Popular e dúas abstencións, dos concelleiros do B.N.G.,  adoptou os seguintes acordos:
<u>PRIMEIRO.-</u>Aprobar inicialmente o Presuposto desta Entidade para o exercicio do 2020, quedando a súa contía fixada, tanto en GASTOS como e INGRESOS, nun total de DOUS  MILLÓNS  SETECENTOS CORENTA  E CINCO MIL  EUROS (2.745.000,00) EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

| | *ESTADO DE GASTOS* | |
|---|---|---|
| *CAP.* | *CONCEPTO* | *IMPORT* |
| | | |
| *1* | *GASTOS DE PERSONAL* | *999.600,0* |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 14

| | | |
|---|---|---|
| 2 | GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS | 649.700,00 |
| 3 | GASTOS FINANCEIROS | 3.000,00 |
| 4 | TRANSFERENCIAS CORRIENTES | 296.600,00 |
| 6 | INVERSIÓNS REAIS | 773.100,00 |
| 7 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 0,00 |
| 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 0,00 |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 23.000,00 |
| | TOTAL GASTOS | 2.745.000,00 |

| | ESTADO DE INGRESOS | |
|---|---|---|
| CAP. | CONCEPTO | IMPORTE |
| | | |
| 1 | IMPOSTOS DIRECTOS | 683.000,00 |
| 2 | IMPOSTOS INDIRECTOS | 20.000,00 |
| 3 | TAXAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS INGRESOS | 287.100,00 |
| 4 | TRANSFERENCIA CORRENTES | 1.040.300,00 |
| 5 | INGRESOS PATRIMONIAIS | 15.400,00 |
| 6 | ENAXENACION DE INVERSIÓNS REAIS | 100,00 |
| 7 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 699.100,00 |
| 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 0,00 |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 |
| | TOTAL INGRESOS | 2.745.000,00 |

SEGUNDO.- Aprobar igualmente as Bases de execución de dito Presuposto.
TERCEIRO.- Aprobar, de conformidade co disposto no artigo 126.1 do Real Decreto 781/86 de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/85 de 2 de abril, o cadro de persoal que comprende tódolos postos reservados a funcionarios e persoal laboral.
CARTO.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles a efect de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do Real Decret Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
QUINTO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesm se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e n Taboleiro de Anuncios do Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo o disposto nos artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril e 169.3 do referido Real Decreto Lexislativo 2/2004, e noutro caso procederase de conformidade con previs



Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 14

no número 1 deste último artigo.
SEXTO.- Que de conformidade co número catro do mesmo artigo, se remita copia do referido Presuposto á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN CONTA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA 4º TRIMESTRE 2019 (GESTIONA 493/2019).

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó *CUARTO TRIMESTRE* DO EXERCICIO 2019, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 28/01/2020, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.

### DACIÓN DE CONTA 4º TRIMESTRE 2019 PMP E INFORME MOROSIDADE ANUAL(GESTIONA 494/2019).

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do *CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2019* relativo ao *CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES E INFORME MOROSIDADE ANUAL* de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Cuarto trimestre do Exercicio 2020, posto que o Período Medio Global foi de 8,48 días.Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 27/01/2020.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG5539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 14

**DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA DENDE O NÚM.1452 de 15/11/2019 ATA O NÚM.0446 DE DATA 05/03/20.**

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a número 1452/19 de data 15/11/2019 ata a número 446/20 de data 05/03/2020 e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucións da Alcaldía.

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

**PREGUNTAS PRESENTADAS POLO P.P. NO PLENO DE 16/01/2020 PARA SER CONTESTADAS NO PRESENTE PLENO.**

A continuación pola Sra. Alcaldesa respostouse ás preguntas que foran formulas polo P.Popular na sesión plenaria celebrada o pasado mes de Xaneiro e que foran as seguintes:
1ª.-Canta xente pagou por usar a pista de paddle o ano pasado ?

Pola Alcaldía indicouse que o ano pasada usarana soamente dezasete persoas, o que deixaba claro que non era moi operativa e estaban pensando en dar o servizo gratis porque non compensaba o que se estaba a pagar pola aplicación e pola xestión da mesma.
2ª.- ¿Que medidas está tomando o goberno local para paliar o peche de varios comercios na Vila? .

Contestoulle o Sr. Huertas Otero, que dixo que contestaría como concelleiro e como membro da ACIAL, para dicir que as razóns do peche do comercio foran moi diversas, uns pecharan por xubilación porque non tiñan sucesión, outros porque a súa actividade non era economicamente rendible, ou porque atoparan traballos como empregados noutras empresas, ou porque estaban abertos soamente polas subvencións recibidas pero que non poñían os medios necesarios para fomentar o seu propio negocio, ou porque, tendo iniciativas e sendo do concello, decidían montar o negocio fora da localidade.

Que a ACIAL buscara solucións, que fixeran charlas informativas sobre os tipos de axudas existentes, compartidas coa Federación do Comercio da Mariña o coa Federación do Comercio de Lugo, e que cando se convocara ós socios, que eran setenta, e



Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 14

sendo ademais charlas abertas a todo o mundo, soamente apareceran oito persoas. Dixo tamén que, dende o concello, crearan un punto de información onde os emprendedores podíanse informar de tódalas axudas existentes, que estábano levando a cabo, pero que non se tramitaban as peticións porque sería competencia desleal coas xestorías existentes no concello.

Tamén anunciou que tiñan pensado adherirse como concello ao *"Doing Business Galicia"*, que suporía, modificando as ordenanzas, unha bonificación para os empresarios dende o 50 ata o 95% no IBI, IAE, ICIO, que estábase estudando o tema para adoptar os acordos que foran necesarios.

Tamén comentou que no último ciclo organizado na Granxa Pedro Murias en Ribadeo no sector de explotacións agrarias, no fora posible levalo adiante por falla de xente.

Rematou dicindo que o único que lle quedaba era que lle dixeran a forma de motivar á xente para a creación dun negocio, que estaban abertos a calquera iniciativa que propuxeran para manter os negocios ou crear máis negocios en Lourenzá.

O Sr. Rodríguez Barreira puntualizou que el dirixira a pregunta o goberno local e non a ACIAL a quen non lle pedía contas, ó que respondeulle o Sr. Huertas, que contestáballe dende os dous puntos de vista.

Rematou o Sr. Arango dicindo que, como membro do equipo de goberno, nos últimos catro anos, non vira a ningún representante do Partido Popular en ningunha actividade ou iniciativa organizada pola ACIAL.

3ª.- ¿Porqué segue aparecendo na páxina web do Concello que temos unha ruta de sendeirismo do Val de Lourenzá, se non está practicable como ruta de sendeirismo?

A Sra. Alcaldesa indicou que era verdade que tiñan unha ruta de Sendeirismo que fora habilitada polo anterior equipo de goberno, e que o lamentaba era que se fixeran as cousas sen pensar nos medios cos que se contaba para manter esa ruta, que era moi bonito ter cantas máis cousas e máis recursos turísticos mellor para que o Concello fora máis atractivo e a xente viñera máis a velo pero era necesario pensar tamén se tíñanse os medios necesarios para telas en bo estado, que estaban traballando para que puidera transitarse por ela de maneira adecuada, pero atopábanse con moitas dificultades .

O Sr. Rodríguez Barreira matizou que non vía ben e non era coherente tela anunciada na Web se non estaba acondicionada para ir por ela, ao que por parte da Alcaldía contestóuselle que dado que tiñan pensado acondicionala e poñela a punto, no vía necesario



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG5539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 14

sacala da Web, habería que sacala se considerasen a posibilidade de eliminala como recurso turístico, que tampouco o Mosteiro podía visitarse e aparecía na Web, ó que lle rebateron no sentido de que a ruta era para usala.
4ª.- Segundo se nos informa no punto 2 da orde do día , a poboación de Lourenzá a día 1 de xaneiro do 2019 era de 2.140 persoas, 48 menos que na mesma data do ano 2018 e supoñendo que neste ano fose igual, andaremos a día de hoxe nas 2.100 persoas. ¿ Que medidas está tomando o equipo de goberno para deter este desastre demográfico?

O voceiro do Partido Socialista, Sr. Arango Ron, contestou que estivo recompilando datos sobre a poboación de Lourenzá dende o ano 1900, ano no que había ao redor de 5.100 habitantes ata o ano pasado, no que había 2.140 habitantes, e que a poboación fora descendendo sucesivamente ano tras ano, de forma seguida, e que deses 119 anos, soamente 4 anos estivera gobernando o partido socialista, co cal, a responsabilidade dos 115 anos restantes, fora máis ben do partido do Sr. Rodríguez Barreira e dos seus antepasados políticos.

Seguiu dicindo que, como todo o mundo sabía, a causa da despoboamento de Lourenzá como do resto da provincia de Lugo era o envellecemento da poboación, pero que en Lourenzá tiñan, con respecto ós concellos limítrofes, unha grande vantaxe, e que era o feito de que a matrícula do colexio estábase mantendo e non pasaba como nos colexios dos municipios limítrofes que perdíanse unidades.

Sobre as políticas municipais que poderían facerse, o feito de regalar un ano, douscentos ou catrocentos euros, como facían moitos concellos do P. Popular, non era a solución para ter un fillo, que a responsabilidade do abandono do rural era da Xunta de Galicia, pero que non facía nada e que os únicos organismos que estaban adoptando algunha medida con respecto á redistribución da riqueza e apoio ó rural, eran as Deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo (non así a de Ourense onde o único que se facía era investir na capital para pagar os favores ó Sr. Xácome) co aprobación de medidas como o Plan Único.

Rematou dicíndolle que o mellor era que se dirixise á Xunta de Galicia para que solucionase o problema do envellecemento da poboación, que non tomaban ningunha medida porque estaban agardando que o fixera a Xunta e que ó mellor, se neste ano había cambio, empezaríanse a tomar medidas neste sentido.
5ª.- Vemos que andan de obras polo ximnasio, ¿cando vai abrir?, ¿e como vai funcionar?.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14

Pola Alcaldía indicouse que dita pregunta xa non procedía posto que o ximnasio xa estaba funcionando, e que en canto a forma de funcionamento, que facíase a través da pegada dixital, que estaba aberto dende as 10,00 da mañá ata as 23,00 horas da noite e que era a través dunha aplicación na que o usuario tiña que darse de alta dando os seus datos e o seu número de conta, e unha vez activada a pegada, dentro dese horario, podería ir cando quixera.

6ª.-Na sesión celebrada o 19 de setembro de 2019 preguntamos quen do equipo de goberno dirixiu os traballos das máquinas da Deputación antes das eleccións municipais de maio, respondéronnos no pleno do 21 de novembro do 2019, que foran Mario, o concelleiro encargado dos camiños e Rocío, a Alcaldesa, a nosa pregunta e a que nos trasladaron moitos veciños durante a pasada campaña electoral das municipais, ¿porqué a algún veciño lles fixeron arranxos nas súas propiedades e deixaron pistas e camiños municipais sen arranxar?.

A Alcaldesa informou que a ela ningún veciño lle trasladara ningunha queixa pero que estaba aberta a dar explicacións se o voceiro do P. Popular quería dicir que veciño fora ou que arranxos se fixeran en propiedades particulares, que non tiña ningún problema en contestar. Neste momento abriuse un pequeno debate no que o Sr. Arango Ron indicou que o concelleiro debería dicir a que se refería, que o outro era denunciar por denunciar e que se acusaba a alguén, a acusación tiña que facela que en serio ao que por parte do Sr. Rodríguez Barreira contestóuselle que o que no ía a facer era dicilo en público para que despois lle foran contando ó veciño que tíñao denunciado que el non estaba denunciando a ninguén soamente facendo unha pregunta pero ofreceuse a ir coa Alcaldesa ó día seguinte para ensinarlle dúas pistas e as entradas, o cal foi aceptado pola Alcaldía.

**ROGOS E PREGUNTAS.**

Non foron presentados mási ROGOS OU PREGUNTAS á Alcaldía por parte dos concelleiros dos grupos da oposición.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 14

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6WS4PFTNXG539QTPX6YFHZAPX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14